

Rexistro de Persoas Usuarias do Servizo de Deportes

Datos da nai/pai/titora/titor		
Nome:	Apelidos:	
NIF ou NIE/Pasaporte:	Nacionalidade:	
Sexo:	Data de Nacemento:	
Teléfono:	Centro:	
Correo Electrónico:		
Enderezo:		
Concello:	Provincia:	CP:
Datos da persoa tutelada		
Nome:	Apelidos:	
NIF ou NIE/Pasaporte:	Nacionalidade:	
Sexo:	Data de Nacemento:	
Teléfono:	C. Electrónico:	
Enderezo:		
Concello:	Provincia:	CP:

Declaración de saúde/autorización

A Universidade de Santiago de Compostela recomenda encarecidamente a todas as persoas usuarias que pasen un recoñecemento médico previo co fin de garantir a súa saúde.

Como nai/pai/titora/titor dunha persoa tutelada autorizo a súa inscrición na actividade de NATACIÓN.

Data inicio	Data fin	Días	Hora inicio	Hora fin	Importe

e declaro que non presenta ningún tipo de enfermidade e/ou limitación que lle impida a práctica desta actividade físico deportiva.

VERACIDADE DOS DATOS

As persoas usuarias responderán da veracidade e exactitude dos datos facilitados, tanto dos propios como dos das persoas menores tuteladas, sendo responsables de comunicar calquera modificación nos mesmos, quedando a USC exenta de responsabilidade a este respecto. A USC resérvase o dereito a excluír dos servizos ofertados a toda persoa usuaria que teña facilitado datos falsos, sen prexuízo das demais accións legais que procedan.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados no ficheiro "Usuarios de servizos da USC", cuxa finalidade é "a xestión de persoas físicas ás que a Universidade de Santiago de Compostela lles oferte os seus servizos non académicos, xestionar as actividades que oferta a estes usuarios e, se é o caso, facilitarlles información sobre servizos e actividades universitarias". De non opoñerse expresamente, os seus datos poderán cederse a entidades colaboradoras da USC, como a Fundación USC Deportiva, federacións deportivas ou outros organismos, para a participación en actividades deportivas.

O órgano responsable do ficheiro é a Vicerreitoría de Estudiantes, Cultura e Responsabilidade Social, e a dirección onde a/o interesada/o poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o mesmo é Casa Jimena y Elisa Fernández de la Vega; Rúa Casas Reais, 8; 15782 Santiago de Compostela; A Coruña; de todo o cal se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

POLÍTICAS DE ANULACIÓN E DEVOLUCIÓN DE IMPORTES ABOADOS

Están a disposición das persoas usuarias nos taboleiros das oficinas do Servizo e na seguinte ligazón: www.usc.gal/deportes/normativas.

CAMBIOS NOS PREZOS/REGULAMENTOS/NORMATIVAS DO SERVIZO

A Universidade de Santiago de Compostela resérvase o dereito a realizar modificacións nos Prezos e nos Regulamentos e Normativas do Servizo de Deportes da USC en calquera momento, seguindo os seus procedementos establecidos, e sen outro requisito a maiores que publicar as ditas modificacións na ligazón e nos taboleiros arriba indicados. Non obstante, no caso dos prezos, estas modificacións non incidirán nas inscricións xa realizadas antes da entrada en vigor das mesmas. No caso dos Regulamentos e Normativas do Servizo de Deportes da USC, estes deberán revisarse regularmente nos lugares referidos anteriormente para comprobar se existe unha versión modificada.

ACEPTACIÓN DOS REGULAMENTOS E NORMATIVAS DO SERVIZO

A Universidade de Santiago de Compostela entende que a aceptación destes Termos e Condicións de Uso constitúe tamén a aceptación por parte da persoa usuaria dos Regulamentos e Normativas do Servizo de Deportes da USC que lle sexan de aplicación e que pode consultar nos taboleiros das oficinas do Servizo e na ligazón mencionada máis arriba.

Lido e conforme, como usuario e como nai/pai/titora/titor.